



Concello de Ortigueira

ACTA DA SESIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

Na Casa do Concello, sendo as nove horas e trinta minutos do día nove de febreiro de dous mil dezoito reúnese os membros que a continuación se indican para constituír a Mesa de Contratación prevista no prego de cláusulas económico administrativas que rexe o procedemento aberto para a contratación do Servizo Alleo de Prevención de Riscos Laborais (2018-2022)

PRESIDENTE: Don Juan Vicente Penabad Muras, Alcalde Presidente do Concello
VOGAIS.- Don Iago Manuel Bermejo Vargas Secretario Xeral do Concello; I dona Yolanda Ares Bao, Interventora municipal
SECRETARIA DA MESA: dona Maria Luisa Sierra Vale, funcionaria do Concello

Polo Presidente declarase constituída a Mesa de Contratación xa que se cumpre co quórum requirido

Pola Secretaria da Mesa informase que tal e como consta no anuncio publicado no perfil do contratante do Concello como na plataforma de contratación do Estado, a presente reunión ten como obxecto:

- 1.- Cualificación definitiva da documentación presentada nos sobres A Documentación administrativa
- 2.- En acto publico resultado da cualificación da documentación presentada nos sobres A e apertura do sobre C "Criterios evaluables automáticamente a través de fórmulas",

No obstante o pasado día 23 de febreiro e co número de entrada no Rexistro Xeral do Concello tivo entrada escrito de recurso de alzada, subscrito por don José Acuña Vilas, en nome e representación de CUALTIS SLU, contra o acordo desta Mesa de Contratación da sesión do día 9 de febreiro de 2018 polo que se exclúe do procedemento para a contratación DO SERVIZO ALLEO DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS (2018-2002) a empresa CUALTIS SLU como consecuencia de vir a documentación administrativa asinada dixitalmente por persoa distinta a que se fai constar que subscibe a mesma como representante legal da entidade

En consecuencia, a Mesa de Contratación, por unanimidade, acorda:

Primeiro.-Que antes de entrar a informar sobre o fondo do asunto no recurso de alzada, se requira a CUALTIS SLU para que presente a documentación por medios electrónicos en cumprimento do establecido na lei 39/2015, de 1 de outubro.

Segundo.-Non realizar a cualificación definitiva da documentación presentada dos sobres A "Documentación administrativa" con declaración dos licitadores admitidos e excluídos, e por tanto, suspender o acto publico da apertura dos sobres que conteñen a oferta económica, ata a resolución do recurso de alzada presentada por CUALTIS SLU.

Terceiro.- A data e hora do acto publico de apertura dos sobres que conteñen a oferta económica publicarase no perfil do contratante deste Concello e na plataforma de contratación do Estado.

E non habendo máis asuntos que tratar, o presidente levanta a sesión sendo as dez horas, estendéndose a presente acta, do que, como Secretaria da Mesa, certifico

Documento asinado dixitalmente a súa marxe

Concello de Ortigueira